

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Aprobación do convenio_Económicas-USC_RomeroAO (xul-ago'25)

ANTECEDENTES

O día 23/06/2022 a Alcaldía asinou o decreto de adhesión ao convenio de colaboración entre a USC e a FEGAMP para a realización de prácticas académicas externas curriculares ou extracurriculares do alumnado de todas as titulacións oficiais de grao e máster universitario impartidas na Universidade de Santiago de Compostela.

FUNDAMENTACIÓN

A USC contactou co Concello neste ano para asinar un novo anexo ao dito convenio para a realización das prácticas nesta entidade por parte da alumna Olalla Agrelo Romero, alumna do 3º curso de Económicas.

É de interese deste Concello, a colaboración cos centros de ensino, para complementar a adquisición polo alumnado da competencia profesional acadada no centro formativo, mediante a realización dun conxunto de actividades de formación identificadas entre as actividades do centro de traballo.

De acordo co indicado, e no uso das atribucións dispostas no artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:

PRIMEIRO

Aprobar o Convenio de colaboración educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Rianxo para a realización de prácticas académicas externas por parte de estudantes desta universidade no curso académico 2024/2025, cuxas cláusulas se inclúen no Anexo que se transcribe a continuación:

ANEXO

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E CONCELLO DE RIANXO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS POR PARTE DE ESTUDANTES DESTA UNIVERSIDADE

CURSO ACADÉMICO 2024/2025

As persoas abaixo asinantes manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración Educativa subscrito entre a Universidade de Santiago de Compostela e a entidade colaboradora, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas: ☒ **Curriculares** ☐ Extracurriculares ☐ Traballo fin de grao/máster

2.- Estudiante beneficiario deste Convenio

Apelidos e nome: Romero Agrelo, Olalla

DNI:49674485M

O/a estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado o estudante:

GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

4.- Centro de traballo e localidade onde se desenvolverán as prácticas

CONCELLO DE RIANXO – RIANXO

5.- Titora académica:

Dona María del Carmen Sánchez Carreira; DNI: 76825967X; correo electrónico carmela.sanchez@usc.es

6.- Titoras da Entidade Colaboradora:

Dona PALOMA CAÍNZOS ORDUNA; DNI: 32815254G; correo electrónico:
paloma.cainzos@concelloderianxo.gal

Dona M^a JOSÉ FUNGUEIRIÑO TUBIO; DNI: 33279307D; correo electrónico:
mariajose.fungueirino@concelloderianxo.gal

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):

Do 14/07/2025 ao 03/09/2025

Núm. total de días: 20 --- Horas/día: 7 h/día (+1 hora, que haberá que distribuír en 5 min/día durante as 12 primeiras xornadas).

8.- (De ser o caso especificar a forma de pago) Prevese unha aportación ao/á estudante por parte da Entidade dunha axuda ao estudio de _____ €/mes, _____ €/día, _____ € pola totalidade da práctica, que se aboará: _____

(A entidade ou organismo que financie a contraprestación económica á que poida ter dereito o estudante terá a condición de empresario, asumindo a obriga de realizar as altas e baixas do alumnado en prácticas e, de ser o caso, a cotización cando corresponda, segundo o establecido na cláusula oitava, apartado 5 do presente convenio).

9.- O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o estudante, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación dos estudantes tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

10.- O **Obxectivo** educativo destas prácticas é que o estudante aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

11.- **Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)**

Grao en ADE

Competencias da titulación as que contribúen as prácticas:

a) Posuír e comprender os coñecementos que definen á Administración e Dirección de Empresas como disciplina científica, incluíndo as súas teorías, historia, métodos, técnicas e áreas de aplicación, a un nivel que se apoia nas publicacións máis avanzadas e inclúe algúns dos aspectos máis relevantes que están na vangarda do coñecemento neste campo.

b) Saber elaborar e defender argumentos sobre cuestións económicas a un nivel xeral, así como resolver problemas sobre estas cuestións.

c) Saber identificar, reunir e interpretar datos relevantes sobre cuestións relacionadas co ámbito empresarial.

d) Saber comunicar información, ideas, problemas e propostas de solución a cuestións de índole empresarial tanto a un público especializado como non especializado.

e) Posuír os coñecementos xerais e as habilidades de aprendizaxe necesarias para continuar estudando cun alto grao de autonomía.

f) Abordar a súa actividade profesional desde o respecto e promoción dos dereitos fundamentais das persoas.

Competencias específicas da materia:

- Desenvolver os comportamentos do rol profesional básico: asistencia, puntualidade, respecto ás normas e usos da empresa ou institución, cumprimento das tarefas asignadas,

....

- Desenvolver e poñer en práctica competencias de carácter transversal propias do exercicio profesional: traballo en equipo, comunicación, análise e resolución de problemas,

...

- Desenvolver e poñer en práctica competencias específicas para a xestión e administración dunha empresa ou organización, en calquera área funcional da mesma, aplicando para iso os coñecementos adquiridos: valoración da situación a partir da información relevante, elaboración de informes, uso da tecnoloxía da información e as comunicación en todo o desempeño, ...

Tarefas a desenvolver durante a realización das prácticas (a cubrir pola empresa)

Departamento de Emprego:

* Xestión do persoal: normativa, tipos, cuestións relativas aos procesos de selección... e participación nos diferentes expedientes vinculados a estas materias

* Convocatorias de subvencións (por parte do concello e nas que o concello é solicitante) e

participación nos diferentes expedientes que derivan destas actuacións desde a solicitude ata a fase de xustificación.

Departamento de Tesourería/Recadación:

- * Confección no sistema de información tributaria de cargos de liquidacións tributarias e de ingresos de dereito público aprobadas polo órgano competente .
- * Comprobación da gravación dos acordos adoptados en XGL o por resolución de alcaldía, que teñan incidencia en materia de xestión tributaria e recadación.
- * Asistencia en materia de notificacións (preparación, envío, proba de entrega electrónica, determinación de notificacións infrutuosas para BOE).
- * Conciliación no sistema de información tributaria dos cobros recadados en período executivo pola ATRIGA
- * Asistencia na preparación de antecedentes necesarios para a tramitación e resolución de expedientes de tesouraría e recadación.
- * Asistencia á tesoureira na normalización dos expedientes electrónicos.
- * Comprobación do cumprimento dos requisitos para o goce de bonificacións ou exencións fiscais.
- * Calquera outro relacionado coas funcións e tarefas de calquera dos dous departamentos e que se considere relacionado.

12.- Sistemas de **avaliación e control:** O/a titor/a académico/a, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do estudante, avaliará as prácticas desenvolvidas tal e como se establece no artigo 25, apartado 4 do Regulamento de prácticas académicas externas da Universidade de Santiago de Compostela, aprobado polo Consello de Goberno do 29 de xullo de 2015.

13.- O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no Anexo.
- b Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c Gardar o debido coidado respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.
- f Calquera outro deber previsto na normativa vixente, nos convenios de cooperación educativa asinados entre a USC ou entidade xestora de prácticas e a entidade colaboradora e, a entidade xestora de prácticas vinculada á mesma, coa entidade colaboradora.

O que se asina, por triplicado exemplar, en RIANXO, a 10 de xullo de 2025

A titora académica,	As titoras da entidade colaboradora	O alumno,
Asinado: _____	Asinado: _____	Asinado: _____

SEGUNDO

O alcalde ditará as ordes oportunas para a execución do convenio.

TERCEIRO

O Concello de Rianxo, acollerá á alumna Olalla Romero Agrelo, da Facultade de Económicas e Empresariais da USC.

O alumnado realizará as prácticas no Departamento de Persoal e Emprego do Concello de Rianxo, e noméase a María José Fungueiriño Tubio e Paloma Caínzos Orduna, titoras das referidas practicas nas áreas indicadas.

CUARTO

O Anexo ao convenio recollido neste decreto será asinado polas titoras así como o informe final nel indicado.

Asinado en Rianxo por medios electrónicos pola Alcaldía do que a Secretaría, para os únicos efectos de fe pública, da fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).